

## Declaración de María Pita

Reunidos no pazo municipal da Coruña, o día 20 de outubro de 2016, os alcaldes e a alcaldesa que subscribimos o presente documento:

### DECLARAMOS

As xuntanzas dos alcaldes e a alcaldesa da área metropolitana da Coruña, celebradas en xaneiro, marzo e abril de 2016 para impulsar os traballos para a construción dunha estratexia que afronte os retos máis relevantes da Coruña metropolitana, sobre a base da articulación de políticas públicas, presenta un significado especialmente singular polo que ten de xiro copernicano na orientación da resolución dos problemas que se nos presentan na contorna. Nestas reunións acordouse, en primeiro lugar, establecer os ámbitos de cooperación e complementariedade entre a estratexia de desenvolvemento urbano da cidade da Coruña e as desenvolvidas polo Consorcio ou a Mancomunidade de concellos da área metropolitana. En segundo lugar, acadouse un amplo consenso en relación á recuperación ambiental e da biodiversidade das rías e as súas contornas litorais. En terceiro lugar, impulsouse a coordinación das actuacións en políticas de desenvolvemento territorial, en especial aquelas que teñen que ver co planeamento urbanístico e cos servizos de transporte e mobilidade. En cuarto lugar, apostouse por proporcionar un enfoque metropolitano á xestión dos servizos públicos, formulándose unha proposta de obxectivos de acción macomunada sobre a avaliación, a análise e, no seu caso, a adopción de medidas coordinadas a nivel de área metropolitana en relación con servizos de interese común, en especial os relativos ao ciclo ambiental da auga e á xestión e o tratamento dos residuos urbanos.

Neste contexto, a Mesa de Alcaldes e Alcaldesa impulsou un proceso de aproximación á cuestión da gobernanza metropolitana pola vía de xerar conxuntamente diagnósticos, iniciativas de planificación, xestión de servizos e accións de carácter supramunicipal e de rango metropolitano. Estamos así perante unha vía de construción da área metropolitana a partir da construción real de estratexias, clima, consensos e accións de carácter metropolitano, conxuntas e compartidas e baseadas na articulación das políticas públicas municipais.

Temos, pois, unha estratexia compartida e un obxectivo común: poñer o foco na xestión democrática das interdependencias na construción da área metropolitana, xestión cimentada no liderado representativo e participativo, na diplomacia urbana, no acompañamento dunha cidadanía activa e comprometida, na cooperación e na colaboración entre actores e axentes sociais e na cohesión arredor dun proxecto de futuro. É a maneira máis sensata de afrontar a crise na que estamos inmersos e lograr a reactivación da área metropolitana sobre obxectivos como:

- Mellorar a calidade de vida da cidadanía traballando para facer da Coruña metropolitana un lugar onde vivir, traballar e gozar dun lecer responsable.



## Declaración de María Pita

- Promover o desenvolvemento dunha área urbana sostible, verde e azul, que faga un uso eficaz dos recursos, a través da xestión eficiente, do coñecemento do territorio e do funcionamento dos servizos urbanos.
- Construír unha economía local competitiva, equilibrada e redistributiva, favorecendo o desenvolvemento dun sector tecnolóxico innovador e apoiando a incorporación do resto dos sectores á nova economía dixital.
- Establecer a base tecnolóxica para poder avanzar, transformar e competir, garantindo o seu impacto, a súa sustentabilidade e a súa evolución futura cunha visión integradora, interoperable e aberta.

No esforzo compartido de elaborar unha estratexia integrada, con obxectivos e liñas de actuación claras, os alcaldes e a alcaldesa da área metropolitana da Coruña consideramos prioritarias algunhas orientacións xerais:

- Ordenación e xestión urbanística coordinada e especializada na procura dun equilibrio territorial das actividades urbanas: usos residenciais e produtivos, dotacións e espazos libres e zonas verdes. Desenvolver, por tanto, estratexias de complementariedade e de descentralización da ocupación do territorio.
- Fortalecemento da vertebración, a accesibilidade e a conectividade interior e exterior da cidade e da súa contorna funcional metropolitana.
- Desenvolvemento dun plan estratéxico de potenciación do porto exterior e do aeroporto, como sistemas coordinados de infraestruturas.
- Promover unha maior integración entre os municipios que conforman a área metropolitana.
- Coordinar a planificación urbanística e das infraestruturas de todos os municipios que conforman a área metropolitana da Coruña.
- Crear instrumentos específicos e flexibles para a xestión conxunta de servizos que afecten ao conxunto dos municipios e garantir a prestación de servizos públicos de calidade, accesibles e equitativos.
- Planificación e xestión da mobilidade metropolitana apostando polos medios de transporte público como forma de superación da conxestión actual no conxunto do sistema viario metropolitano e nos accesos á cidade da Coruña en particular, como elemento superador das evidentes incapacidades do sistema á hora de permitir a permeabilidade na comunicación en malla.
- Favorecer un espazo social único, capaz de aunar a diversidade e a identidade das xentes que viven na área metropolitana. Incrementar as relacións sociais e a creación de tecido social e comunitario na área metropolitana. Potenciar a participación cidadá e conformar un proceso de transformación das nosas administracións públicas en administracións de proximidade.



## Declaración de María Pita

A diagnose, así como a estratexia e os obxectivos comúns, demandan tamén a súa concreción a nivel xurídico mediante a aprobación dunha Lei da Área Metropolitana da Coruña. Unha lei que defina a estrutura da área, a súa arquitectura institucional, de composición e funcionamento, así como do seu réxime competencial. Isto é, unha lei que determine os órganos de goberno e administración, o réxime económico e operativo, os servizos que debe prestar e as obras que debe realizar a área metropolitana, así como as potestades que se lle atribúan e a xusta distribución de cargas entre os concellos que a integran. Unha lei que asegure tamén a necesaria coordinación e cooperación coa Xunta de Galicia, incluída a garantía dun financiamento xusto e suficiente.


De conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, determina a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, a natureza e o réxime xurídico das áreas metropolitanas, así como o relativo á súa creación, prevéndose no seu artigo 122.1 a iniciativa dos concellos interesados para a súa creación e, en consecuencia, para a súa posterior formulación e tramitación parlamentaria.

Por todo o exposto, os alcaldes e a alcaldesa subscribimos a presente declaración institucional, coa que propoñemos e coa que nos comprometemos a dar comezo decontado e a impulsar o proceso de conformación da Área Metropolitana da Coruña, para o que instamos ao Goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego representado nos seus Grupos Parlamentarios a, unha vez designado aquel e constituídos estes respectivamente, iniciar de forma inmediata a formulación e posterior tramitación dun proxecto de Lei da Área Metropolitana da Coruña, previamente consensuado cos concellos respectivos e presidido polos principios do diálogo e a cooperación institucional, así como o de participación pública da cidadanía.

Unha vez ratificada polos Plenos dos concellos respectivos de conformidade co artigo 122 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, esta declaración institucional será trasladada ao goberno da Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e aos Grupos Parlamentarios aos efectos de incoación e tramitación da iniciativa legislativa.


En sinal de conformidade, asinamos na Coruña, o 20 de outubro de 2016.

**O alcalde da Coruña,**



Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde

**A alcaldesa de Bergondo,**



Asdo.: Alejandra Pérez Máquez


**Declaración de María Pita**

**O alcalde de Betanzos,**



Asdo.: José Ramón García Vázquez

**O alcalde de Cambre,**




Asdo.: Óscar García Patiño

**O alcalde de Culleredo,**




Asdo.: Julio Sacristán de Diego

**O alcalde de Oleiros,**



Asdo.: Angel García Seoane

**O alcalde de Sada,**



Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández